



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN ANDREA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DENOMINADO SOPORTE VITAL ÁS FAMILIAS CON NENAS/NENOS CON ENFERMIDADES DE LONGA DURACIÓN OU TERMINAIS CON ESCASOS RECURSOS ECONÓMICOS.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2019

REUNIDOS

Dunha banda, Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 98/2018, do 26 de setembro, do seu nomeamento, o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

E doutra, Dona María del Rosario Barca Fernández, presidenta da Fundación Andrea, co NIF 33295500X, que actúa en nome e representación da entidade, co NIF G70058961, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos seus estatutos, aprobados o día 13 de xuño de 2006, e escritura de apoderamento e que consta no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ambas as dúas partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do





Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

SEGUNDO. Que a Comunidade Autónoma Galega, de conformidade co artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude desta competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

TERCEIRO. Que a Consellería de Política Social, ao abeiro do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e voluntariado.

CUARTO. Que a Fundación Andrea é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co número E-6114 e ten entre as súas funcións a protección e defensa das familias que teñen nenas ou nenos con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais, colectivo comprendido no ámbito competencial desta Consellería de Política Social.

QUINTO. Que a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, esta interesada en apoiar esta actuación mediante a sinatura dun convenio de colaboración.

O artigo 1 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, regula a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer as familias e os seus membros, e, en especial, os nenos e as nenas e os adolescentes. o artigo 6 establece a obriga de prestar especial atención ás familias con dificultades derivadas da súa estrutura ou das súas circunstancias, así como de protexer aos membros mais vulnerables da familia.





Tendo en conta o carácter específico da actuación, non procede a realización dunha convocatoria pública con concorrencia para a concesión dunha subvención, pois esta entidade é a única que desenvolve unha actividade deste tipo.

O proxecto cumpre por tanto, cos seguintes requisitos:

- O artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O artigo 19.4.c) da mesma lei que establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.
- O artigo 31.2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que establece que por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública, como é o caso.

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Política Social considera conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto do presente convenio regular un marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Andrea no desenvolvemento do programa *Soporte Vital ás familias con nenas/os con enfermidades de longa duración ou terminais con escasos recursos económicos*. Este programa ten como finalidade a de dispensar a axuda necesaria para que estas familias poidan facer fronte aos gastos que se produzan polo tratamento médico dos menores tanto no fogar familiar como nos distintos hospitais de España, facilitando que poidan afrontar os gastos de traslado, a asistencia privada a sesións de fisioterapia, a sesións de logopedia, a sesións de musicoterapia, os gastos en equipamentos ortopédicos e os derivados da adecuación das vivendas ou vehículos para nenas e nenos con diversidade funcional.





SEGUNDA. ACTUACIÓNS

A entidade realizara, ao abeiro deste convenio, as seguintes actuacións:

1. Axudas para os tratamentos de fisioterapia e hidroterapia, sempre baixo a supervisión dos médicos responsables do tratamento de cada neno.
2. Axudas para a terapia familiar, psicoterapia e logopedia; a petición dos médicos responsables do seguimento dos nenos afectados por distintas enfermidades crónicas facilitarase a asistencia a sesións de terapia familiar e apoio psicolóxico.
3. Axudas para as familias desprazadas e axudas á manutención; facilitarase os traslados destes nenos a outros hospitais de España para recibir o seu tratamento así como axudas para a súa manutención.
4. Axudas para tratamentos de musicoterapia, facilitarase o acceso á música como terapia e vehículo de comunicación para nenas e nenos con necesidades especiais.

TERCEIRA. IMPORTE DA AXUDA

1. O convenio financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no seguinte cadro, na cal existe crédito adecuado e suficiente no orzamento a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social para o ano corrente.

Aplicación orzamentaria	Ano corrente
13.02.312B.481.0	10.000,00

2. A achega económica límtase á compensación de gastos e en ningún caso pode supor beneficio económico para a entidade conveniente.

CUARTA . COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

QUINTA. OBRIGAS

1. Para poder ser beneficiaria da axuda, a entidade deberá cumprir os requisitos





sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que a seguir se relacionan:

a) Non ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarados insolventes en ningún procedemento, non ter sido declarados en concurso, salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio, non estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Non dar lugar, por causa da que foran declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.

d) Non estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal de outras persoas xurídicas en algún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.

f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.

h) Non ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións mediante a presente lei ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. A entidade debe cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e que son, entre outras, as seguintes:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.





b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicar á Consellería de Política Social, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que esta ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola consellería agás oposición expresa da persoa solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007.

e) Dar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. As medidas de difusión deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previsto no artigo 33 da Lei 9/2007.

3. A entidade debe cumprir coa **obriga de subministración de información** nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.



**SEXTA. GASTOS SUBVENCIONABLES**

1. Consideráanse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada (Cláusula segunda) de acordo coa desagregación que figura no seguinte cadro:

Outros gastos	
-Servicios de profesionais independentes	
-Gastos de desprazamento, aloxamento e manutención	
-Alugueres	10.000,00€
-Seguros	
-Gastos de formación	
-Material funxible	
-Outros gastos e custos indirectos coas condicións establecidas no punto 6	
TOTAL	10.000,00€
Permítense a modificación da anterior partida sempre que non sexa superior ao 15% do importe total do convenio.	

2. O prazo de realización de gastos será o establecido entre o 1 de xaneiro do ano corrente e o 30 de novembro do ano corrente.

3. A data límite de xustificación será o 30 de novembro do ano corrente. Non obstante, si existen cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación estas terán como data límite o 15 de xaneiro do ano seguinte.

Axuda da Consellería de Política Social	10.000,00€
Período de realización de gastos e pagos	1 de xaneiro ao 30 de novembro
Data límite da presentación da documentación xustificativa	30 de novembro

4. Considerarase **gasto realizado** o que foi efectivamente **pagado** con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido no presente convenio.

5. En ningún caso consideraranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.





6. Os custos indirectos formarán parte da xustificación, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que tales custos correspondan o período no que efectivamente se realiza a actividade.

7. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SÉTIMA. CONDICIÓN DE PAGO

1. O pagamento da contía referida no presente convenio farase do seguinte xeito:

a) **Ata o 80% do total concedido poderase facer efectivo mediante pagos parciais á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade xustifique os gastos e os pagos realizados, da seguinte forma:**

1º. Memoria económica da aplicación dos fondos destinados ao convenio, na que conste:

1º.1. Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado que deberá indicar os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome, NIF, base do IRPF, retribución líquida e bruta mensual, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, data de pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado.

1º.2. Documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT, TC2) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC, TC1))

1º.3. Unha relación clasificada dos gastos e investimentos, con identificación do concepto, o proveedor, o importe (IVE detallado), a data de emisión e a data de pagamento.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, acompañadas dos documentos que xustifiquen os pagamentos.

No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.





2º. Acreditar que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma. No caso de que o solicitante denegara expresamente ao órgano xestor o consentimento para consultar estar ao corrente, Deberá achegar os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007.

3º. Unha declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.

4º. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado.

5º. Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes.

b) **Antes de facer efectivo o 20% restante**, a entidade deberá presentar ademais dos documentos os que se refire o paragrafo anterior unha **memoria da actuación** obxecto do convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha institución sen fin de lucro, segundo menciona o artigo 65.4.f) deste mesmo Decreto.

OITAVA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno no Decreto 126/2006, do 20 de xullo; polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

2. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia de acordo do Decreto 123/2006, do 20 de xullo.





3. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

4. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno Aberto.

NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

1. Para garantir a correcta execución e seguimento do convenio, créase unha comisión de seguimento a que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e as non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

-O presidente da entidade beneficiaria, ou unha persoa da entidade que o substitúa.

-A directora xeral de Familia Infancia e Dinamización Demográfica que actuara como presidenta e a suplencia exercerase pola subdirectora xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia.

-Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

3. Esta comisión rexerase en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiado na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

1. A selección do persoal específico que a entidade dedicará á execución do programa corresponderá a esta.

2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Consellería de





Política Social, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

DÉCIMA PRIMEIRA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

1. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto do presente convenio.

4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

6. Así mesmo, a entidade conveniente será responsable do tratamento dos datos e dos consentimento das persoas interesadas de acordo co Regulamento xeral de protección de datos aos efectos da súa debida comunicación.

DÉCIMO SEGUNDA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

1. Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.





2. A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.

3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

4. Os demais supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

5. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMA TERCEIRA. NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose polas súas cláusulas e, no seu defecto polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais normativa de aplicación.

Así mesmo, este convenio esta excluído do ámbito de aplicación Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, se ben, observaranse os seus principios para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.

DÉCIMA CUARTA. CUESTIÓN LITIXIOSAS

Correspóndelle á Consellería de Política Social a resolución das cuestión litixiosas que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos do presente convenio e os seus acordos poñen fin á vía administrativa.

Contra estes acordos poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común ou directamente recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.





DÉCIMA QUINTA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2019. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2019.

E, en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

A Conselleira de Política Social

Fabiola García Martínez

A Presidenta da Fundación Andrea

Mª del Rosario Barca Fernández